

Os Arquivos de Resistencia. Módulo 5

Os Arquivos de Resistencia (AR) son unha serie de documentos, manifestos, cartas, cancións, vídeos, gravacións, etc. que nos axudan a loitar contra os síntomas da enfermidade mental e a situación de peche que supón estar en prisión.

Estes AR están realizados e recompilados polos internos do Programa PAIEM do Módulo 5 do Centro Penal da Lama. Están creados de forma individual ou grupal e son documentos que teñen unha finalidade múltiple: proporcionar puntos de vista entre iguais, contribuír a mellorar a visión da saúde mental, mellorar a relación coa nosa saúde mental, ser unha xanela a formas diferentes de ver a relación das persoas co sistema penal e coa saúde mental.

Os AR tamén contribúen a desenvolver as identidades das persoas que se acheguen a eles, convidan a participar a quen o necesite, ben como espectador, ben como colaborador, achegando ideas en forma de documentos ou outros arquivos que, como diría o terapeuta David Epston “moven ou conmoven a quen é testemuña dos mesmos”. Os AR sérvennos para construír e reconstruír as nosas identidades e relacións.

As influencias socioculturais ao redor da saúde mental e a enfermidade mental lévannos a falar continuamente de diagnósticos, tratamentos farmacolóxicos, síntomas, deterioro, etc. Cos AR pretendemos falar dunha historia alternativa, a historia de persoas que conviven nun mesmo espazo con múltiples identidades, con diferentes relacións entre elas e entre os diferentes sistemas que se crean entre elas, historias de recuperación.

Os AR son contranarrativas a esa historia na que nos describimos, no contexto penal, ao redor dos delitos cometidos, ao tempo de condena, á medicación que tomamos, as drogas que consumimos ou os centros nos que estivemos ou a convivencia coa nosa saúde mental. Queren mostrar os nosos desexos, valores, esperanzas, as nosas realidades, historias de fortaleza e puntos de vista diferentes.

Queremos que participen todas as persoas que queiran e necesíteno porque “a saúde mental é cousa de todas e de todos”

Neste contexto pensamos que resistimos a:

“A situación de cumprir unha pena de prisión”

“A sintomatoloxía, a enfermidade e o estigma en saúde mental”

“A situación sociopolítica crispante”

“Os problemas familiares”

“As tentacións”

“As malas influencias”

“Os exames (os que estamos a estudar)”

Neste contexto para nós resistencia é:

“A capacidade para poder protexernos”

“Son os arquivos que tes na cabeza para ter un control sobre ti mesmo”

“Querer cambiar”

“Aguantar, loitar, ter fortaleza na adversidade, nas situacións difíciles”

“Ter as túas ideas claras, as túas metas na vida”

“Lembrar”

“Recuperarnos”

“Perseveranza”

“Loitar contra a enfermidade e os pensamentos que teño sobre o suicidio”

“Desobediencia”

“Pelexar polo que un quere realmente”

“Conseguir os teus obxectivos”

“Botar para adiante aínda que che traizen”

“Manter o equilibrio”

“Actuar acorde aos teus pensamentos”

“Valorarche como persoa”

“Aceptar”

O primeiro documento que creamos para os AR é o documento colectivo denominado “Vivencias. Documento colectivo” no que os internos que o realizamos definimos quen somos, por que estamos no centro penal, que é importante para nós, que necesitamos, e cales son os nosos soños, valores e esperanzas.

Os AR pretenden estar en continua evolución, de maneira que poidan ser engrosados co paso do tempo.

Atrévete a facer a túa contribución?

Grazas por lernos.

Internos do Módulo 5.